

Disposición derradeira quinta. *Bombas de acio.*

O Goberno promoverá e apoiará as iniciativas nacionais e internacionais, tanto no ámbito de Nacións Unidas como nos organismos multilaterais competentes que teñan por obxectivo a restrición e, se é o caso, a prohibición das bombas de acio, especialmente perigosas para as poboacións civís.

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 17/2001, do 17 de decembro, de marcas.*

O artigo 29.4 da Lei 17/2001, do 17 de decembro, de marcas, terá a seguinte redacción:

«Os que sexan parte nun procedemento ante a Oficina Española de Patentes e Marcas no que actúen por si mesmos e non teñan domicilio nin sede en España deberán, para os efectos de notificacións, designar un enderezo postal en España ou, en lugar del, poderán indicar que as notificacións lles sexan dirixidas por correo electrónico ou por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a oficina. Todo iso, sen prexuízo do previsto no número 2 do artigo 155 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.»

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor un mes despois da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

22438 *LEI 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.* («BOE» 312, do 29-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

As circunstancias económicas e demográficas de determinados países, nos cales moitos nenos non puideron atopar un ambiente propicio para o seu desenvolvemento, unido ao descenso da natalidade en España, orixinaron que nos últimos anos o número de menores estranxeiros adoptados por españois ou residentes en España se incrementase notablemente. Na dita situación xorden novas necesidades e demandas sociais das cales se fixeron eco numerosas institucións tanto públicas como privadas, que trasladaron ao Goberno a necesidade de adecuar o ordenamento xurídico á realidade social actual.

O aumento de adopcións constituídas no estranxeiro supón, pola súa vez, un desafío xurídico de grandes proporcións para o lexislador, que debe facilitar os instrumentos normativos precisos para que a adopción teña

lugar coas máximas garantías e respecto aos intereses dos menores que se van adoptar, posibilitando o desenvolvemento harmónico da personalidade do neno no contexto dun medio familiar propicio. Todo iso no marco da máis escrupulosa seguranza xurídica que redonda sempre en beneficio de todos os participantes na adopción internacional, especialmente e en primeiro lugar, en beneficio do menor adoptado. O transcurso dos anos proporcionou perspectiva suficiente para apreciar a oportunidade dunha lei que puxese fin á dispersión normativa característica da lexislación anterior e reunise unha regulación completa das cuestións de dereito internacional privado necesariamente presentes en todo proceso de adopción internacional.

II

Esta lei conxuga os principios e valores da nosa Constitución coas disposicións dos instrumentos internacionais en materia de adopción que son parte do noso ordenamento xurídico. En especial, cómpre poñer de manifesto a transcendencia que teñen nesta nova ordenación os principios contidos no Convenio das Nacións Unidas sobre os dereitos do neno, do 20 de novembro de 1989, na Declaración de Nacións Unidas sobre os principios sociais e xurídicos aplicables á protección e ao benestar dos nenos, considerados sobre todo desde o ángulo das prácticas en materia de adopción e de colocación familiar nos planos nacional e internacional (Resolución da Asemblea Xeral 41/1985, do 3 de decembro de 1986), no Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993, ratificado por España mediante Instrumento do 30 de xuño de 1995.

Un referente de grande importancia en España foi o traballo levado a cabo na Comisión do Senado sobre adopción internacional, cuxas conclusións, elaboradas coas achegas de autoridades e expertos na materia, marcaron unha liña e camiño a seguir no enfoque deste fenómeno social.

En aplicación da Constitución e dos instrumentos legais internacionais en vigor para España, esta nova norma concibe a adopción internacional como unha medida de protección dos menores que non poden atopar unha familia nos seus países de orixe e establece as garantías necesarias e adecuadas para asegurar que as adopcións internacionais se realicen, ante todo, en interese superior do neno e con respecto aos seus dereitos. Así mesmo, preténdese evitar e previr a subtracción, a venda ou o tráfico de nenos, asegurando, ao mesmo tempo, a non-discriminación do menor por razón de nacemento, nacionalidade, raza, sexo, deficiencia ou enfermidade, relixión, lingua, cultura, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, familiar ou social.

Cabe engadir que esta lei debe ser sempre interpretada de acordo co principio do interese superior dos menores, que prevalecerá sobre calquera outro interese lexítimo que puidese concorrer nos procesos de adopción internacional.

III

A lei ten por obxecto unha regulación normativa sistemática, coherente e actualizada que permite dar resposta ao fenómeno da adopción internacional en España.

O articulado divídese en tres títulos. Baixo a rúbrica «Disposicións xerais», o título I establece o ámbito de aplicación e a intervención das entidades públicas competentes en materia de protección de menores, con especial detemento na especificación das funcións que desenvolven as entidades colaboradoras na adopción internacional.

Así, no capítulo I establécese o ámbito de aplicación da norma, o obxectivo pretendido por esta lei de establecemento de garantías das adopcións tomando sempre como guía o interese superior dos menores, e sinálase cales son os principios que informan a adopción internacional en consonancia coa Convención dos dereitos do neno de 20 de novembro de 1989 e o Convenio da Haia do 29 de maio de 1993 sobre a protección dos dereitos do neno e cooperación en materia de adopción internacional. Pecha este capítulo a determinación das circunstancias que impiden a adopción, nesa liña de procurar que as adopcións teñan lugar unicamente cando existen as garantías mínimas suficientes.

No capítulo II recóllese a intervención das entidades públicas de protección de menores no procedemento de adopción e as funcións de intermediación que unicamente poderán levar a cabo entidades colaboradoras previamente acreditadas pola entidade pública española competente e pola autoridade correspondente do país de orixe dos menores.

A función intermediadora que se atribúe en exclusiva a estas entidades colaboradoras impúxolle ao lexislador a tarefa de configurar un marco xurídico que conxugue a prestación integral do servizo que teñen encomendado cuns mecanismos básicos para a súa acreditación e control, que deberá ser exercido polas entidades públicas competentes.

Neste marco relativo á acreditación, seguimento e control das entidades colaboradoras, abórdase outra serie de cuestións como a posibilidade de formalizar acordos de cooperación entre estas entidades ante situacións especiais, a posibilidade de establecer a coordinación entre as entidades públicas de protección de menores competentes, a decisión sobre o número de entidades colaboradoras de adopción internacional en países concretos, os supostos de suspensión ou retirada da acreditación a entidades colaboradoras acreditadas en varias comunidades autónomas, a concreción do carácter da relación das entidades colaboradoras cos seus representantes no país de orixe dos menores e a responsabilidade daquelas polos actos que estes realicen nas funcións de intermediación.

Por outra banda, o capítulo III regula a idoneidade dos adoptantes partindo da definición do seu concepto, da determinación das cuestións e aspectos a que se debe referir e do establecemento do seu prazo máximo de vixencia.

Tamén neste capítulo se lles impón aos adoptantes unha serie de obrigas postadoptivas e se reconece o dereito dos adoptados a coñecer as súas orixes biolóxicas. Consciente o lexislador da transcendencia desta cuestión desde a perspectiva do libre desenvolvemento da personalidade das persoas adoptadas, conxugouse o exercicio deste dereito coas necesarias cautelas para protexer a intimidade das persoas afectadas. Desta forma establécese dúas limitacións fundamentais: por unha parte, a lexitimación restrinxida á persoa do adoptado unha vez alcanzada a maioría de idade ou ben con anterioridade se está representada polos seus pais e, por outra parte, o asesoramento e intervención necesaria das entidades públicas competentes para facilitar o acceso aos datos requiridos.

Conclúe o capítulo cun precepto especificamente destinado á protección dos datos de carácter persoal, de conformidade co informe da Axencia Española de Protección de Datos.

A segunda parte da lei destínase a regular as normas de dereito internacional privado relativas á adopción internacional. Así, o título II consta de tres partes ben diferenciadas.

En primeiro lugar, ofrece unha regulación completa da competencia das autoridades españolas para a constitución, modificación, conversión e declaración de nuli-

dade da adopción internacional. Inspirada no principio de «conexión mínima», unha autoridade española non debe proceder á constitución, modificación ou declaración de nulidade dunha adopción internacional se o suposto non aparece minimamente conectado con España. Dese modo, evítase a penetración de foros exorbitantes na lexislación española, foros que poden provocar a constitución de adopcións válidas en España pero ineficaces ou inexistentes noutros países, especialmente no país de orixe do menor.

En segundo lugar, a lei regula a lexislación aplicable á constitución da adopción internacional por autoridades españolas, así como á conversión, modificación e declaración de nulidade desta. Co fin de lograr unha mellor sistemática, o capítulo relativo á «Lei aplicable á adopción» distingue dous supostos. Cando o adoptando posúa a súa residencia habitual en España ou a vaia adquirir proximamente, óptase por dispoñer a aplicación da lei española á constitución da adopción. Non obstante, cando o adoptando non resida habitualmente en España, nin vaia ser trasladado a España para establecer en España o seu centro social de vida, preferiuse que a adopción se rexa pola lei do país en cuxa sociedade vai quedar integrado. En ambos os casos, a lei incorpora as necesarias cautelas e outórgase, no segundo, unha marxe de discrecionalidade xudicial máis ampla para dar entrada puntual a outras leis estatais diferentes e procurar a maior validez internacional da adopción constituída en España.

En terceiro lugar, contén unha regulación exhaustiva dos efectos xurídicos que poden ter en España as adopcións constituídas ante autoridades estranxeiras competentes. Estas disposicións revisten unha importancia particular, visto que o número de adopcións constituídas no estranxeiro por cidadáns residentes en España é, na actualidade, manifestamente superior ao número de adopcións constituídas en España. Neste punto, a lei arranca do necesario respecto á normativa legal, composta polos tratados e convenios internacionais e outras normas internacionais de aplicación para España, que resultan aplicables para concretar os efectos legais que teñen en España as adopcións constituídas no estranxeiro.

Con base no anterior, a lei establece un réxime para o recoñecemento en España das adopcións constituídas por autoridades estranxeiras en defecto de normativa internacional aplicable. O dito réxime xira arredor dunha idea elemental: a adopción só será recoñecida en España se se constituíu validamente no Estado de orixe e se, ademais, satisfai determinadas exixencias de regularidade xurídica ou que xiren arredor do interese do adoptando. Dese modo, evítase que unha adopción que non fose regularmente constituída nun país estranxeiro, poida ter efectos legais en España e que as adopcións constituídas sen un respecto suficiente aos mínimos niveis de xustiza, con especial atención ao interese do menor, teñan efectos en España.

Para tal efecto, as autoridades españolas e, en especial, os encargados do Rexistro civil, deberán controlar, en todo caso, que a adopción fose constituída por autoridade estranxeira competente, que a dita autoridade respectou as súas propias normas de dereito internacional privado e constituíu, polo tanto, unha adopción válida no dito país. Deberá constatar, así mesmo, que a adopción constituída en país estranxeiro ten, segundo a lei aplicada á súa constitución, os mesmos efectos substanciais que a adopción regulada na lexislación española, que os adoptantes foron declarados idóneos para adoptar, e que, no caso de adoptando español, se emitise o consentimento da entidade pública correspondente á última residencia do adoptando en España e, finalmente, que o documento presentado en España e que contén o acto de adopción constituída ante autoridade estranxeira, reúna as suficientes garantías formais de autenticidade.

A lei incorpora, igualmente, unha regulación ata agora inexistente no noso dereito positivo, relativa aos efectos en España da adopción simple ou menos plena legalmente constituída por autoridade estranxeira, así como a posibilidade de conversión nunha adopción con plenitude de efectos, establecendo os factores que deben concorrer en cada caso para que a autoridade española competente acorde a transformación.

Conclúe o articulado da lei cun título III en que se regula o réxime xurídico-privado dos casos internacionais de acollemento familiar e outras medidas de protección de menores.

IV

Complétase a lei coa modificación de determinados artigos do Código civil. En primeiro lugar, a que impón o contido do título II da lei no artigo 9.5 do Código civil, que pasa a cumprir unha mera función de remisión á Lei de adopción internacional.

Por outro lado, apróveitase o evidente vínculo que une a adopción coa protección dos menores para abordar a reforma dos artigos 154, 172, 180 e 268 do Código civil. Ademais de se mellorar a redacción destes preceptos, dáse resposta deste modo aos requirimentos do Comité de Dereitos do Neno, que amosou a súa preocupación pola posibilidade de que a facultade de corrección moderada que ata agora se recoñece aos pais e titores poida contravir o artigo 19 da Convención sobre os Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989.

Estas reformas serán de aplicación supletoria respecto do dereito propio daquelas comunidades autónomas que o posúan.

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei regula a competencia das autoridades xudiciais e consulares españolas e a determinación da lei aplicable ás adopcións internacionais, así como a validez en España das adopcións constituídas por autoridades estranxeiras.

2. Enténdese por «adopción internacional» o vínculo xurídico de filiación que presenta un elemento estranxeiro derivado da nacionalidade ou da residencia habitual de adoptantes ou adoptandos.

Artigo 2. *Obxecto e finalidade da lei.*

1. Esta lei establece o marco xurídico e os instrumentos básicos para garantir que todas as adopcións internacionais teñan lugar en consideración co interese superior do menor.

2. A finalidade desta lei é protexer os dereitos dos menores que se van adoptar, tendo en conta tamén os dos solicitantes de adopción e os das demais persoas implicadas no proceso de adopción internacional.

Artigo 3. *Principios informadores da adopción internacional.*

A adopción internacional de menores respectará os principios inspiradores da Convención de Dereitos do Neno do 20 de novembro de 1989 e do Convenio da Haia, do 29 de maio de 1993, relativo á protección de dereitos do neno e á cooperación en materia de adopción internacional.

Para tal fin, a entidade pública competente, na medida do posible, incluírá os estándares e salvagardas do Convenio da Haia, do 29 de maio de 1993, nos acordos relativos á adopción internacional que subscriba con Estados non contratantes deste.

Artigo 4. *Circunstancias que impiden ou condicionan a adopción.*

1. Non se tramitarán solicitudes de adopción de menores nacionais doutro país ou con residencia habitual noutro Estado nas seguintes circunstancias:

a) Cando o país en que o menor adoptando teña a súa residencia habitual se encontre en conflito bélico ou inmerso nun desastre natural.

b) Se non existe no país unha autoridade específica que controle e garanta a adopción.

c) Cando no país non se dean as garantías adecuadas para a adopción e as prácticas e trámites da adopción neste non respecten o interese do menor ou non cumpran os principios éticos e xurídicos internacionais referidos no artigo 3.

2. As entidades públicas de protección de menores españolas poderán establecer que, con respecto a un determinado Estado, unicamente se tramiten solicitudes de adopción internacional a través de entidades colaboradoras acreditadas ou autorizadas polas autoridades de ambos os dous Estados, cando se constate que outra vía de tramitación presenta riscos evidentes pola falta de garantías adecuadas.

3. A tramitación de solicitudes para a adopción daqueles menores estranxeiros que fosen acollidos en programas humanitarios de estadía temporal por motivo de vacacións, estudos ou tratamento médico, requirirá que tales acollementos finalizasen conforme as condicións para as que foron constituídos e que no seu país de orixe participen en programas de adopción debidamente regulados.

4. Para os efectos da decisión que adoptará a entidade pública competente en cada comunidade autónoma nos supostos previstos nos números 1 e 2 deste artigo, procurarase a correspondente coordinación autonómica, podendo someter a dita decisión á consideración previa do correspondente órgano de coordinación institucional das administracións públicas sobre adopción internacional, así como do Consello Consultivo de Adopción Internacional.

5. A función de intermediación na adopción internacional unicamente a poderán efectuar as entidades públicas de protección de menores e as entidades de colaboración, debidamente autorizadas por aquelas e pola correspondente autoridade do país de orixe dos menores. Ningunha outra persoa ou entidade poderá intervir en funcións de intermediación para adopcións internacionais.

6. Nas adopcións internacionais nunca se poderán producir beneficios financeiros distintos daqueles que fosen precisos para cubrir estritamente os gastos necesarios.

CAPÍTULO II

Entidades públicas e entidades colaboradoras de adopción internacional

Artigo 5. *Intervención das entidades públicas de protección de menores.*

En materia de adopción internacional correspóndelles ás entidades públicas competentes en materia de protección de menores:

a) Organizar e facilitar a información sobre lexislación, requisitos e trámites necesarios en España e nos

países de orixe dos menores, velando para que esa información sexa o máis completa, veraz e actualizada posible e de libre acceso para os interesados.

b) Facilitarlles ás familias a formación previa necesaria que lles permita comprender e afrontar as implicacións da adopción internacional, preparándoas para o adecuado exercicio das súas funcións parenterais unha vez constituída aquela. Poderán delegar esta función en institucións ou entidades debidamente autorizadas.

c) A recepción das solicitudes, en todo caso, e a súa tramitación, xa sexa directamente ou a través de entidades colaboradoras de adopción internacional debidamente acreditadas.

d) A expedición, en todo caso, dos certificados de idoneidade, logo de elaboración, ben directamente ou a través de institucións ou entidades debidamente autorizadas, do informe psicosocial dos solicitantes da adopción, e, cando o exixa o país de orixe do adoptando, a expedición do compromiso de seguimento.

e) Recibir a asignación do menor, con información sobre a súa identidade, a súa adoptabilidade, o seu medio social e familiar, a súa historia médica e necesidades particulares; así como a información relativa ao outorgamento dos consentimentos de persoas, institucións e autoridades requiridas pola lexislación do país de orixe.

f) Dar a conformidade respecto á adecuación das características do neno asignado polo organismo competente do país de orixe coas que figuren no informe psicosocial que se xunta ao certificado de idoneidade.

Ao longo do proceso de adopción internacional ofrecerán apoio técnico dirixido aos adoptados e aos adoptantes, prestando particular atención ás persoas que adoptasen menores con características ou necesidades especiais. Durante a estada dos adoptantes no estranxeiro poderán contar para iso coa colaboración do servizo exterior.

g) Os informes dos seguimentos requiridos polo país de orixe do menor, que poderán encomendar a entidades como as previstas no artigo 6 desta lei ou a outras organizacións sen ánimo de lucro.

h) O establecemento de recursos cualificados de apoio postadoptivo para a adecuada atención de adoptados e adoptantes na problemática que lles é específica.

i) A acreditación, control, inspección e elaboración de directrices de actuación das entidades colaboradoras de adopción internacional que realicen funcións de intermediación no seu ámbito territorial.

Nas súas actuacións en materia de adopción internacional, as entidades públicas competentes promoverán medidas para lograr a máxima coordinación e colaboración entre elas. En particular, procurarán a homoxeneización de procedementos, prazos e custos.

Artigo 6. *A actividade de intermediación na adopción internacional.*

1. Enténdese por intermediación en adopción internacional toda actividade que teña por obxecto intervir poñendo en contacto ou en relación os solicitantes de adopción coas autoridades, organizacións e institucións do país de orixe ou residencia do menor susceptible de ser adoptado e prestar a asistencia suficiente para que a adopción se poida levar a cabo.

2. As funcións que deben realizar as entidades acreditadas para a intermediación serán as seguintes:

a) Información e asesoramento aos interesados en materia de adopción internacional.

b) Intervención na tramitación de expedientes de adopción ante as autoridades competentes, tanto españolas como estranxeiras.

c) Asesoramento e apoio aos solicitantes de adopción nos trámites que necesariamente deben realizar en España e nos países de orixe dos menores.

d) Intervir na tramitación e realizar as xestións correspondentes para o cumprimento das obrigas postadoptivas establecidas para os adoptantes na lexislación do país de orixe do menor adoptado que lles sexan encomendadas, nos termos fixados pola entidade pública de protección de menores española que a acredítase.

3. As entidades colaboradoras de adopción internacional intervirán nos termos e coas condicións establecidas nesta lei e nas normas das comunidades autónomas.

4. As entidades colaboradoras de adopción internacional poderán establecer, entre elas, acordos de cooperación para solucionar situacións sobrevidas ou para un mellor cumprimento dos seus fins.

Artigo 7. *Acreditación, seguimento e control das entidades colaboradoras de adopción internacional.*

1. Só poderán ser acreditadas como entidades colaboradoras de adopción internacional as entidades sen ánimo de lucro inscritas no rexistro correspondente, que teñan como finalidade nos seus estatutos a protección de menores, dispoñan dos medios materiais e equipos pluridisciplinares necesarios para o desenvolvemento das funcións encomendadas e estean dirixidas e administradas por persoas cualificadas pola súa integridade moral, pola súa formación e pola súa experiencia no ámbito da adopción internacional.

As entidades públicas competentes procurarán a maior homoxeneidade posible nos requisitos básicos para a acreditación.

2. Existirá un rexistro público específico das entidades colaboradoras de adopción internacional acreditadas.

3. No suposto de que o país estranxeiro para o que se prevé a acreditación de entidades colaboradoras de adopción internacional fixe un límite no seu número, establecerase a oportuna coordinación entre as entidades públicas competentes españolas para os efectos de acreditar as que corresponda.

4. Poderase establecer, mediante a correspondente coordinación de todas as entidades públicas, un número máximo de entidades colaboradoras de adopción internacional españolas que se acreditarán para intermediación nun país concreto, en función das necesidades de adopción internacional nese país, das adopcións constituídas ou doutras cuestións sobre a previsión de posibilidades de adopción internacional nel.

5. As entidades públicas poderán suspender ou retirar, mediante expediente contradictorio, a acreditación concedida a aquelas entidades acreditadas para a intermediación que deixen de cumprir as condicións que motivaron a súa concesión ou que infrinxan na súa actuación o ordenamento xurídico. Esta suspensión ou retirada da acreditación poderá ter lugar con carácter xeral ou só para algún país concreto.

No suposto de suspensión e retirada da acreditación dunha entidade colaboradora de adopción internacional por parte da entidade pública competente dunha comunidade autónoma, esta facilitará a información máis relevante que conste na instrución do expediente sancionador ás entidades públicas das demais comunidades autónomas onde tamén estea acreditada, para os efectos de que poidan iniciar a investigación que, se é o caso, consideren oportuna.

6. As entidades colaboradoras de adopción internacional designarán a persoa que actuará como representante da entidade e das familias ante a autoridade do país de orixe do menor. Os profesionais empregados polas entidades colaboradoras de adopción internacional nos

países de orixe dos menores consideraranse persoal adscrito á entidade, que será responsable dos actos dos ditos profesionais no exercicio das súas funcións de intermediación. Estes profesionais deberán ser avaliados polo órgano competente para a acreditación da entidade colaboradora.

7. Corresponderalles ás comunidades autónomas competentes na materia, a acreditación, seguimento e control das entidades colaboradoras de adopción internacional que actúen no seu ámbito territorial, de acordo coa normativa autonómica aplicable.

8. Para o seguimento e control das entidades colaboradoras de adopción internacional establecerase a correspondente coordinación interautonómica con respecto a aquelas que estean acreditadas en máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 8. *Relación dos solicitantes de adopción e as entidades colaboradoras de adopción internacional.*

1. A entidade colaboradora de adopción internacional e os solicitantes de adopción formalizarán un contrato referido exclusivamente ás funcións de intermediación que aquela asume con respecto á tramitación da solicitude de adopción.

O modelo básico de contrato debe ser previamente homologado pola entidade pública competente.

2. Para o exclusivo cumprimento das competencias establecidas no artigo 5.i) desta lei, as entidades públicas competentes crearán un rexistro das reclamacións formuladas polas persoas que acudan ás entidades colaboradoras de adopción internacional que acreditasen.

Artigo 9. *Comunicación entre autoridades competentes españolas e autoridades competentes dos outros Estados.*

A comunicación entre as autoridades centrais españolas competentes e as autoridades competentes doutros Estados coordinarase de acordo co previsto no Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993 e ratificado por España mediante Instrumento do 30 de xuño de 1995, se as autoridades estranxeiras corresponden a Estados que forman parte do Convenio da Haia ou doutros tratados e convenios internacionais existentes en materia de adopción internacional.

Con respecto ao resto dos Estados, procurarase seguir o mesmo procedemento.

CAPÍTULO III

Capacidade e requisitos para a adopción internacional

Artigo 10. *Idoneidade dos adoptantes.*

1. Enténdese por idoneidade a capacidade, aptitude e motivación adecuadas para exercer a patria potestade, atendendo ás necesidades dos nenos adoptados, e para asumir as peculiaridades, consecuencias e responsabilidades que leva consigo a adopción internacional.

2. Para tal efecto, a declaración de idoneidade requirirá unha valoración psicosocial sobre a situación persoal, familiar e relacional dos adoptantes, e a súa capacidade para establecer vínculos estables e seguros, as súas habilidades educativas e a súa aptitude para atender un menor en función das súas singulares circunstancias, así como calquera outro elemento útil relacionado coa singularidade da adopción internacional.

As entidades públicas competentes procurarán a necesaria coordinación co fin de homoxeneizar os criterios de valoración da idoneidade.

3. A declaración de idoneidade e os informes psicosociais referentes a esta terán unha vixencia máxima de tres anos desde a data da súa emisión polo órgano competente español, sempre que non se produzan modificacións substanciais na situación persoal e familiar dos solicitantes que deron lugar á dita declaración, suxeita, non obstante, ás condicións e ás limitacións establecidas, se é o caso, na lexislación autonómica aplicable en cada suposto.

4. Correspóndelles ás entidades públicas competentes en materia de protección de menores a declaración de idoneidade dos adoptantes a través dos informes de idoneidade, que estarán suxeitos ás condicións, requisitos e limitacións establecidos na lexislación correspondente.

5. No proceso de declaración de idoneidade, prohibese calquera discriminación por razón de discapacidade ou calquera outra circunstancia.

Artigo 11. *Obrigas postadoptivas dos adoptantes.*

1. Os adoptantes deberán facilitar no tempo previsto a información, documentación e entrevistas que a entidade pública de protección de menores española competente, ou entidade colaboradora por ela autorizada, precise para a emisión dos informes de seguimento postadoptivo exixidos pola entidade pública de protección de menores competente en España ou pola autoridade competente do país de orixe.

2. Os adoptantes deberán cumprir no tempo previsto os trámites postadoptivos establecidos pola lexislación do país de orixe do menor adoptado, recibindo para iso a axuda e asesoramento preciso por parte das entidades públicas de protección de menores e das entidades de colaboración de adopción internacional.

Artigo 12. *Dereito a coñecer as orixes biolóxicas.*

As persoas adoptadas, alcanzada a maioría de idade ou durante a súa minoría de idade representadas polos seus pais, terán dereito a coñecer os datos que sobre as súas orixes consten en poder das entidades públicas españolas, sen prexuízo das limitacións que puidesen derivar da lexislación dos países de que proveñan os menores. Este dereito farase efectivo co asesoramento, a axuda e mediación dos servizos especializados da entidade pública de protección de menores ou organizacións autorizadas para tal fin.

As entidades públicas competentes asegurarán a conservación da información de que dispoñan relativa ás orixes do neno, en particular a información respecto á identidade dos seus pais, así como a historia médica do neno e da súa familia.

As entidades colaboradoras que intermediasen na adopción deberán informar as entidades públicas dos datos de que dispoñan sobre as orixes do menor.

Artigo 13. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. O tratamento e cesión de datos derivado do cumprimento das previsións desta lei estará sometido ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Os datos obtidos polas entidades públicas ou polas entidades colaboradoras de adopción internacional unicamente poderán ser tratados para as finalidades relacionadas co desenvolvemento, en cada caso, das funcións descritas para cada unha delas nos artigos 5 e 6.2 desta lei.

3. A transferencia internacional dos datos a autoridades estranxeiras de adopción unicamente se efectuará nos supostos expresamente previstos nesta lei e no Convenio da Haia do 29 de maio de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional.

TÍTULO II

Normas de dereito internacional privado relativas á adopción internacional

CAPÍTULO I

Competencia para a constitución da adopción internacional

Artigo 14. *Competencia xudicial internacional para a constitución de adopción en supostos internacionais.*

1. Con carácter xeral, os xulgados e tribunais españois serán competentes para a constitución da adopción nos seguintes casos:

- a) Cando o adoptando sexa español ou teña a súa residencia habitual en España.
- b) Cando o adoptante sexa español ou teña a súa residencia habitual en España.

2. A nacionalidade española e a residencia habitual en España apreciaranse, en todo caso, no momento da presentación da solicitude de adopción á entidade pública competente.

Artigo 15. *Competencia xudicial internacional para a modificación, revisión, declaración de nulidade ou conversión en adopción plena dunha adopción en supostos internacionais.*

1. Os xulgados e tribunais españois serán competentes para a declaración de nulidade dunha adopción nos seguintes casos:

- a) Cando o adoptado sexa español ou teña a súa residencia habitual en España no momento de presentación da solicitude.
- b) Cando o adoptante sexa español ou teña a súa residencia habitual en España no momento de presentación da solicitude.
- c) Cando a adopción fose constituída por autoridade española.

2. Se a lei aplicada á adopción prevé a posibilidade de adopción simple, os xulgados e tribunais españois serán competentes para a conversión de adopción simple en adopción plena nos casos sinalados no punto anterior.

3. Os xulgados e tribunais españois serán tamén competentes para a modificación ou revisión dunha adopción nos mesmos casos sinalados no punto primeiro e tamén cando, ademais, a adopción sexa constituída por autoridade estranxeira, sempre que a dita adopción fose recoñecida en España.

4. Para os efectos do establecido nesta lei, enténdese por adopción simple ou menos plena aquela constituída por autoridade estranxeira competente para cuxos efectos non se correspondan substancialmente cos previstos para a adopción na lexislación española.

Artigo 16. *Competencia obxectiva e territorial do órgano xurisdiccional.*

1. A determinación do concreto órgano xurisdiccional competente, obxectiva e territorialmente, para a constitución da adopción internacional levarase a cabo conforme as normas da xurisdición voluntaria.

2. No caso de non se poder determinar a competencia territorial conforme o parágrafo anterior, esta corresponderá ao órgano xudicial que os adoptantes elixan.

Artigo 17. *Competencia dos cónsules na constitución de adopcións internacionais.*

Sempre que o Estado receptor non se opoña a iso, nin o prohiba a súa lexislación, de conformidade cos tratados internacionais e outras normas internacionais de aplicación, os cónsules poderán constituír adopcións, no caso de que o adoptante sexa español e o adoptando teña a súa residencia habitual na demarcación consular correspondente. A nacionalidade do adoptante e a residencia habitual do adoptando determinaranse no momento de inicio do expediente administrativo de adopción.

CAPÍTULO II

Lei aplicable á adopciónSECCIÓN 1.^a ADOPCIÓN REXIDA POLA LEI ESPAÑOLA

Artigo 18. *Lei aplicable á constitución da adopción.*

1. A adopción constituída pola autoridade competente española rexeráse polo disposto na lei material española nos seguintes casos:

- a) Cando o adoptando teña a súa residencia habitual en España no momento de constitución da adopción.
- b) Cando o adoptando fose ou vaia ser trasladado a España coa finalidade de establecer a súa residencia habitual en España.

Artigo 19. *Capacidade do adoptando e consentimentos necesarios.*

1. A capacidade do adoptando e os consentimentos necesarios de todos os suxeitos intervinientes na adopción rexeráse pola lei nacional do adoptando e non pola lei substantiva española, nos seguintes casos:

- a) Se o adoptando tivese a súa residencia habitual fóra de España no momento da constitución da adopción.
- b) Se o adoptando non adquire, en virtude da adopción, a nacionalidade española, aínda que resida en España.

2. A aplicación da lei nacional do adoptando prevista no parágrafo primeiro deste artigo procederá, unicamente, cando a autoridade española competente considere que con iso se facilita a validez da adopción no país correspondente á nacionalidade do adoptando.

3. No procederá a aplicación da lei nacional do adoptando prevista no parágrafo primeiro deste artigo cando se trate de adoptandos apátridas ou con nacionalidade indeterminada.

Artigo 20. *Consentimentos, audiencias e autorizacións.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 18, a autoridade española competente para a constitución da adopción poderá exixir, ademais, os consentimentos, audiencias ou autorizacións requiridas pola lei nacional ou pola lei da residencia habitual do adoptante ou do adoptando, sempre que concorran estas circunstancias:

a) Que a exixencia de tales consentimentos, audiencias ou autorizacións repercuta en interese do adoptando. Entenderase que concorre «interese do adoptando», particularmente, se a toma en consideración das leis estranxeiras facilita, segundo criterio xudicial, a validez da adopción noutros países conectados co suposto e só na medida en que iso sexa así.

b) Que a exixencia de tales consentimentos, audiencias ou autorizacións sexa solicitada polo adoptante ou polo Ministerio Fiscal.

SECCIÓN 2.^a ADOPCIÓN REXIDA POR UNHA LEI ESTRANXEIRAArtigo 21. *Lei aplicable á constitución da adopción.*

1. Cando o adoptando non teña a súa residencia habitual en España, e ademais non fose ou non vaia ser trasladado a España coa finalidade de establecer a súa residencia habitual en España, a constitución da adopción rexeráse:

a) Pola lei do país a que foi ou a que vai ser trasladado o adoptando coa finalidade de establecer a súa residencia habitual no dito país.

b) En defecto do criterio anterior, pola lei do país da residencia habitual do adoptando.

2. A autoridade española competente para a constitución da adopción poderá ter en conta os requisitos de capacidade do adoptando e os consentimentos necesarios de todos os suxeitos intervinientes na adopción, previstos na lei nacional do adoptando no caso de que a dita autoridade considere que a observancia de tales requisitos facilita a validez da adopción no país correspondente á nacionalidade do adoptando.

3. A autoridade española poderá, igualmente, ter en conta os consentimentos, audiencias ou autorizacións requiridas pola lei nacional ou pola lei da residencia habitual do adoptante ou do adoptando, no caso de que a dita autoridade considere que a observancia de tales requisitos facilita a validez da adopción noutros países conectados co suposto.

SECCIÓN 3.^a DISPOSICIÓN COMÚNSArtigo 22. *Lei aplicable á conversión, nulidade e revisión da adopción.*

Os criterios anteriores sobre determinación da lei aplicable á constitución da adopción serán aplicables tamén para precisar a lei aplicable á conversión, nulidade e revisión da adopción.

Artigo 23. *Orde pública internacional española.*

En ningún caso procederá a aplicación dunha lei estranxeira cando resulte manifestamente contraria á orde pública internacional española. Para tal efecto terase en conta o interese superior do menor e os vínculos substanciais do suposto con España. Os aspectos da adopción que non se poidan rexer por un dereito estranxeiro ao resultar este contrario á orde pública internacional española, rexeranse polo dereito substantivo español.

Artigo 24. *Proposta previa de adopción.*

A entidade pública correspondente ao último lugar de residencia habitual do adoptante en España será competente para formular a proposta previa de adopción. Se o adoptante non tivo residencia en España nos dous últimos anos, non será necesaria proposta previa, pero o cónsul solicitará das autoridades do lugar de residencia daquel informes suficientes para valorar a súa idoneidade.

CAPÍTULO III

Efectos en España da adopción constituída por autoridades estranxeirasArtigo 25. *Normas internacionais.*

A adopción constituída por autoridades estranxeiras será recoñecida en España conforme o establecido nos tratados e convenios internacionais e outras normas de

orixe internacional en vigor para España, e, en especial, conforme o Convenio da Haia do 29 de maio de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional. Tales normas prevalecerán, en todo caso, sobre as regras contidas nesta lei.

Artigo 26. *Requisitos para a validez en España de adopcións constituídas por autoridades estranxeiras en defecto de normas internacionais.*

1. En defecto de tratados e convenios internacionais e outras normas de orixe internacional en vigor para España que resulten aplicables, a adopción constituída por autoridades estranxeiras será recoñecida en España como adopción se se cumpren os seguintes requisitos:

1.º Que fose constituída por autoridade estranxeira competente.

A adopción débese constituír por autoridade pública estranxeira, sexa ou non xudicial. Considérase que a autoridade estranxeira que constituíu a adopción é internacionalmente competente se se respectaron, na constitución da adopción, os foros recollidos no seu propio dereito.

Non obstante o establecido na regra anterior, no caso en que a adopción non presente conexións razoables de orixe, de antecedentes familiares ou doutras ordes similares co país cuxa autoridade constituíu a adopción, estimarase que a autoridade estranxeira carecía de competencia internacional.

2.º Que se constituíu conforme a lei ou leis estatais designadas polas normas de conflito do país de que depende a autoridade estranxeira que constituíu a adopción.

Para tal efecto, se a autoridade española comproba que non se prestou ningunha declaración de vontade ou non se manifestou o consentimento exixido pola lei estranxeira reguladora da constitución da adopción, o dito requisito poderá ser completado en España, ante as autoridades competentes españolas conforme os criterios contidos nesta lei, ou ante calquera outra autoridade estranxeira competente.

2. Cando o adoptante ou o adoptado sexa español, a adopción constituída por autoridade estranxeira debe producir os efectos xurídicos que se corresponden, de modo substancial, cos efectos da adopción regulada no dereito español.

Será irrelevante o nome legal da institución no dereito estranxeiro.

En particular, as autoridades españolas controlarán que a adopción constituída por autoridade estranxeira produza a extinción de vínculos xurídicos substanciais entre o adoptado e a súa familia anterior, que faga xurdir os mesmos vínculos de filiación que os da filiación por natureza e que sexa irrevogable polos adoptantes.

Cando a lei estranxeira admita que a adopción constituída ao seu abeiro poida ser revogada polo adoptante, será requisito indispensable que este, antes do traslado do menor a España, renuncie ao exercicio da facultade de revogala. A renuncia deberase formalizar en documento público ou mediante comparecencia ante o encargado do rexistro civil.

3. Cando o adoptante sexa español e residente en España, a entidade pública española competente deberá declarar a súa idoneidade previamente á constitución da adopción polo órgano competente estranxeiro. Non se exixirá a dita declaración de idoneidade nos casos en que, de se ter constituído a adopción en España, non se requirise aquela.

4. Se o adoptando fose español no momento de constitución da adopción ante a autoridade estranxeira competente, será necesario o consentimento da entidade

pública correspondente á última residencia do adoptando en España.

5. O documento en que conste a adopción constituída ante autoridade estranxeira deberá reunir os requisitos formais de autenticidade consistentes na legalización ou apostila e na tradución a idioma oficial español. Exceptúanse os documentos eximidos de legalización ou tradución en virtude doutras normas vixentes.

Artigo 27. *Control da validez da adopción constituída por autoridade estranxeira.*

A autoridade pública española ante a que se suscite a cuestión da validez dunha adopción constituída por autoridade estranxeira e, en especial, o encargado do rexistro civil en que se inste a inscrición da adopción constituída no estranxeiro, controlará, incidentalmente, a validez da dita adopción en España conforme as normas contidas nesta lei.

Artigo 28. *Requisitos para a validez en España de decisións estranxeiras de conversión, modificación ou nulidade dunha adopción.*

As decisións da autoridade pública estranxeira en cuxa virtude se estableza a conversión, modificación ou nulidade dunha adopción terán efectos legais en España conforme as exixencias recollidas no artigo 26 desta lei.

Artigo 29. *Inscrición da adopción no rexistro civil.*

Cando a adopción internacional se constituía no estranxeiro e os adoptantes teñan o seu domicilio en España poderán solicitar a inscrición de nacemento do menor e a marxinal de adopción conforme as normas contidas nos artigos 12 e 16.3 da Lei do rexistro civil.

Artigo 30. *Adopción simple ou menos plena legalmente constituída por autoridade estranxeira.*

1. A adopción simple ou menos plena constituída por autoridade estranxeira terá efectos en España, como adopción simple ou menos plena, se se axusta á lei nacional do adoptado conforme o artigo 9.4 do Código civil.

2. A lei nacional do adoptado en forma simple ou menos plena determinará a existencia, validez e efectos de tales adopcións, así como a atribución da patria potestade.

3. As adopcións simples ou menos plenas non serán obxecto de inscrición no rexistro civil español como adopcións nin comportarán a adquisición da nacionalidade española conforme o artigo 19 do Código civil.

4. As adopcións simples ou menos plenas constituídas por autoridade estranxeira competente poderán ser transformadas na adopción regulada polo dereito español cando se dean os requisitos previstos para iso. A conversión rexerá pola lei determinada conforme as disposicións desta lei. A adopción simple ou menos plena será considerada como un acollemento familiar.

Para instar o correspondente expediente xudicial non será necesaria a proposta previa da entidade pública competente.

En todo caso, para a conversión dunha adopción simple ou menos plena nunha adopción plena, a autoridade española competente deberá examinar a concorrencia dos seguintes extremos:

a) Que as persoas, institucións e autoridades cuxo consentimento se requira para a adopción fosen convenientemente asesoradas e informadas sobre as consecuencias do seu consentimento, sobre os efectos da

adopción e, en concreto, sobre a extinción dos vínculos xurídicos entre o neno e a súa familia de orixe.

b) Que tales persoas manifestasen o seu consentimento libremente, na forma legalmente prevista e que este consentimento fose prestado por escrito.

c) Que os consentimentos non se obtivesen mediante pagamento ou compensación de ningunha clase e que tales consentimentos non fosen revogados.

d) Que o consentimento da nai, cando se exixa, se prestase tras o nacemento do neno.

e) Que, tendo en conta a idade e o grao de madurez do neno, este fose convenientemente asesorado e informado sobre os efectos da adopción e, cando se exixa, do seu consentimento.

f) Que, tendo en conta a idade e o grao de madurez do neno, este fose oído.

g) Que, cando se deba solicitar o consentimento do menor na adopción, se examine que este o manifestou libremente, na forma e coas formalidades legalmente previstas, e sen que mediase prezo ou compensación de ningunha clase.

Artigo 31. *Orde pública internacional.*

En ningún caso procederá o recoñecemento dunha decisión estranxeira de adopción simple, ou menos plena, se produce efectos manifestamente contrarios á orde pública internacional española. Para tal efecto, terase en conta o interese superior do menor.

TÍTULO III

Outras medidas de protección de menores

CAPÍTULO I

Competencia e lei aplicable

Artigo 32. *Competencia para a constitución doutras medidas de protección de menores.*

A competencia para a constitución das demais medidas de protección de menores rexerá polos criterios recollidos nos tratados e convenios internacionais e noutras normas de orixe internacional en vigor para España. No seu defecto, observarase o previsto no artigo 22.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Artigo 33. *Lei aplicable a outras medidas de protección de menores.*

A lei aplicable ás demais medidas de protección dos menores determinarase conforme os tratados e convenios internacionais e outras normas de orixe internacional en vigor para España. No seu defecto, observarase o previsto no artigo 9.6 do Código civil.

CAPÍTULO II

Efectos das decisións estranxeiras en materia de protección de menores.

Artigo 34. *Efectos legais en España das decisións relativas a institucións de protección de menores que non produzan vínculos de filiación acordadas por autoridades estranxeiras.*

1. As institucións de protección de menores constituídas por autoridade estranxeira e que segundo a lei da súa constitución non determinen ningún vínculo de filia-

ción equipararanse ao acollemento familiar ou, se é o caso, a unha tutela, regulados no dereito español, se concorren os requisitos seguintes:

1.º Que os efectos substanciais da institución estranxeira sexan equivalentes aos do acollemento familiar ou, se é o caso, aos dunha tutela, previstos pola lei española.

2.º Que as institucións de protección fosen acordadas por autoridade estranxeira competente, sexa xudicial ou administrativa. Considerarase que a autoridade estranxeira que constituíu a medida de protección era internacionalmente competente se se respectaron os foros de competencia recollidos no seu propio dereito.

Non obstante o establecido na regra anterior, no caso de a institución de protección non presentar conexións razoables de orixe, de antecedentes familiares ou doutras ordes similares, co país cuxa autoridade constituíu esa institución, considerarase que a autoridade estranxeira carecía de competencia internacional.

3.º Que a institución de protección estranxeira debe estar constituída conforme a lei ou leis estatais designadas polas normas de conflito do país da autoridade estranxeira que acordou a institución.

4.º Que o documento en que consta a institución constituída ante autoridade estranxeira reúna os requisitos formais de autenticidade consistentes na legalización ou apostila e na tradución ao idioma español oficial. Exceptúanse os documentos eximidos de legalización ou tradución en virtude doutras normas vixentes.

2. En ningún caso procederá o recoñecemento dunha decisión estranxeira relativa a estas institucións se ten efectos manifestamente contrarios á orde pública internacional española.

Disposición adicional única. *Entidades públicas de protección de menores.*

As entidades públicas de protección de menores mencionadas nesta lei son as designadas polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, de acordo coas súas respectivas normas de organización.

Disposición derogatoria única. *Lei orgánica de protección xurídica do menor.*

Queda derogado o artigo 25 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil.

Disposición derradeira primeira. *Modificación de determinados artigos do Código civil.*

Un. O número 5 do artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«A adopción internacional rexerese polas normas contidas na Lei de adopción internacional. Igualmente, as adopcións constituídas por autoridades estranxeiras terán efectos en España conforme as disposicións da citada lei de adopción internacional.»

Dous. O artigo 154 queda redactado nos seguintes termos:

«Os fillos non emancipados están baixo a potestade dos pais.

A patria potestade exercerese sempre en beneficio dos fillos, de acordo coa súa personalidade, e con respecto á súa integridade física e psicolóxica.

Esta potestade comprende os seguintes deberes e facultades:

1.º Velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.

2.º Representalos e administrar os seus bens.

Se os fillos tiveren suficiente xuízo deberán ser oídos sempre antes de adoptar decisións que os afecten.

Os pais poderán, no exercicio da súa potestade, solicitar o auxilio da autoridade.»

Tres. Modifícanse os números 3 e 6 e adiciónanse dous novos números sétimo e oitavo ao artigo 172, que pasan a ter a seguinte redacción:

«3. A garda asumida por solicitude dos pais ou titores ou como función da tutela por ministerio da lei realizarase mediante o acollemento familiar ou o acollemento residencial. O acollemento familiar será realizado pola persoa ou persoas que determine a entidade pública. O acollemento residencial será exercido polo director do centro onde acolleron o menor.

Os pais ou titores do menor poderanse opoñer, no prazo de dous meses, á resolución administrativa que dispoña o acollemento cando consideren que a modalidade acordada non é a máis conveniente para o menor ou de existiren dentro do círculo familiar outras persoas máis idóneas ca as designadas.

6. As resolucións que aprecien o desamparo e declaren a asunción da tutela por ministerio da lei serán impugnables ante a xurisdición civil no prazo e condicións determinados na Lei de axuizamento civil, sen necesidade de reclamación administrativa previa.

7. Durante o prazo de dous anos desde a notificación da resolución administrativa pola que se declare o desamparo, os pais que continúen tendo a patria potestade pero que a teñan suspendida conforme o previsto no número 1 deste artigo están lexitimados para solicitar que cese a suspensión e quede revogada a declaración de desamparo do menor, se por cambio das circunstancias que a motivaron entenden que se encontran en condicións de asumir novamente a patria potestade.

Igualmente están lexitimados durante o mesmo prazo para se opoñer ás decisións que se adopten respecto á protección do menor.

Pasado o dito prazo decaerá o seu dereito de solicitude ou oposición ás decisións ou medidas que se adopten para a protección do menor. Non obstante, poderán facilitar información á entidade pública e ao Ministerio Fiscal sobre calquera cambio das circunstancias que deron lugar á declaración de desamparo.

8. A entidade pública, de oficio, ou por instancia do Ministerio Fiscal ou de persoa ou entidade interesada, poderá en todo momento revogar a declaración de desamparo e decidir a volta do menor coa súa familia se non se encontra integrado de forma estable noutra familia ou se entende que é o máis adecuado en interese do menor. A dita decisión notificaráselle ao Ministerio Fiscal.»

Catro. Engádesse un novo número ao artigo 180 que queda redactado nos seguintes termos:

«5.º As persoas adoptadas, alcanzada a maioría de idade ou durante a súa minoría de idade representadas polos seus pais, terán dereito a coñecer os datos sobre as súas orixes biolóxicas. As enti-

dades públicas españolas de protección de menores, logo de notificación ás persoas afectadas, prestarán, a través dos seus servizos especializados, o asesoramento e a axuda que precisen os solicitantes para facer efectivo este dereito.»

Cinco. O artigo 268 queda redactado nos seguintes termos:

«Os titores exercerán o seu cargo de acordo coa personalidade dos seus pupilos, respectando a súa integridade física e psicolóxica.

Cando sexa necesario para o exercicio da tutela poderán solicitar o auxilio da autoridade.»

Disposición derradeira segunda. *Modifícanse determinados artigos da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

Un. Engádesse un novo artigo 141 bis á Lei de axuízamento civil co seguinte texto:

«141 bis. Nos casos previstos nos dous artigos anteriores, nas copias simples, testemuños e certificacións que expidan os secretarios xudiciais, calquera que sexa o soporte que se utilice para iso, cando sexa necesario para protexer o superior interese dos menores e para preservar a súa intimidade, deberanse omitir os datos persoais, imaxes, nomes e apelidos, domicilio, ou calquera outro dato ou circunstancia que directa ou indirectamente puidese permitir a súa identificación.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo final ao artigo 164 da Lei de axuízamento civil co seguinte texto:

«Artigo 164. *En todo caso, na comunicación ou publicación a que se refiren os parágrafos anteriores, en atención ao superior interese dos menores e para preservar a súa intimidade, deberanse omitir os datos persoais, nomes e apelidos, domicilio, ou calquera outro dato ou circunstancia que, directa ou indirectamente, puidese permitir a súa identificación.*»

Tres. O artigo 779 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 779. *Carácter preferente do procedemento. Competencia.*

Os procedementos en que se tramite a oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores terán carácter preferente.

Será competente para coñecer destes o xulgado de primeira instancia do domicilio da entidade protectora e, no seu defecto, ou nos supostos dos artigos 179 e 180 do Código civil, a competencia corresponderalle ao tribunal do domicilio do adoptante.»

Catro. O número 1 do artigo 780 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Non será necesaria a reclamación previa en vía administrativa para formular oposición, ante os tribunais civís, ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.

A oposición á resolución administrativa pola que se declare o desamparo dun menor poderase formular no prazo de tres meses desde a súa notificación, e no prazo de dous meses a oposición ás restantes resolucións administrativas que se diten en materia de protección de menores.»

Cinco. O número primeiro do artigo 781 queda redactado nos seguintes termos:

«1.º Os pais que pretendan que se recoñeza a necesidade do seu asentimento para a adopción

poderán comparecer ante o tribunal que estea a coñecer do correspondente expediente e manifestalo así. O tribunal, con suspensión do expediente, sinalará o prazo que considere necesario para a presentación da demanda, que non poderá ser superior a vinte días. Presentada a demanda, tramitarase conforme o previsto no artigo 753 desta lei.»

Disposición derradeira terceira. *Lei de demarcación e de planta xudicial.*

O primeiro inciso do artigo 25 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial queda redactado da forma seguinte:

«No Ministerio de Xustiza, coa adscrición que determine o seu regulamento orgánico, poderán existir ata dez prazas servidas por xuíces ou maxistrados, dez por fiscaís, dez por secretarios xudiciais e dous por médicos forenses.»

Disposición derradeira cuarta. *Lei do Rexistro civil.*

Modifícase o número 2 do artigo 63 da Lei do 8 de xuño de 1957, do rexistro civil, que terá a seguinte redacción:

«2. As autoridades competentes para a tramitación e resolución das solicitudes de adquisición da nacionalidade por residencia, para a exclusiva finalidade de resolver a solicitude presentada polo interesado, solicitarán de oficio das administracións públicas competentes cantos informes sexan necesarios para comprobar se os solicitantes reúnen os requisitos exixidos no artigo 22 do Código civil, sen que sexa preciso o consentimento dos interesados.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

1. Os artigos 5, 6, 7, 8, 10, 11 e a disposición derradeira primeira dítanse ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación civil recoñecida polo artigo 149.1.8.º da CE, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan e das normas aprobadas por estas en exercicio das súas competencias nesta materia.

2. O artigo 12 dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.º da Constitución española. Os restantes artigos desta lei dítanse ao abeiro das competencias exclusivas do Estado en materia de relacións internacionais, administración de xustiza e lexislación civil recoñecidas polo artigo 149.1.3.º, 5.º e 8.º da Constitución española.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

2. Habilítase o Goberno para a aprobación das normas regulamentarias necesarias para a súa aplicación.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 2007

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO